

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A presente programación ten como marco legal o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a Ordenación e o Currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, tendo en conta que o alumnado que remata o Bacharelato opta maioritariamente por presentarse ás probas da ABAU, nas cales a materia de Historia de España é obxecto de exame na fase xeral, esta programación trata de axustarse o máximo posible ás directrices dadas polo Grupo de Traballo de Historia de cara á preparación de dita proba.

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfronta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoo a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lle permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis

afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

No contexto da PXA do IES Xelmírez I para o presente curso escolar, o Departamento de Xeografía e Historia ten encomendada a docencia dos catro grupos de 2º Bacharelato, os cales contan cun total de 127 alumnos/as repartidos do seguinte xeito: 31 en 2º Bach A, 32 en 2º Bach B, 33 en 2º Bach C e 31 en 2º Bach D. Existen varios casos de alumnado con Necesidades de Atención Educativa (TDAH, Dislexia, AA.CC., etc.) as cales serán tidas en conta á hora de fixar obxectivos concretos tanto no que se refire á adquisición de coñecementos como ao desenvolvemento das destrezas propias da materia.

Neste curso a materia é impartida por 3 docentes diferentes: 1 profesor desenvolve as clases en lingua castelá e as outras dúas en lingua galega.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	<p>Historiografía e metodoloxía histórica.</p> <p>As raíces históricas: Prehistoria e Idade antiga.</p> <p>A Idade Media: Al-Ándalus e Reinos cristiáns (política, economía e sociedade)</p>	<p>Coñecer as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a Baixa Idade Media:</p> <p>Diferenzas esenciais entre Paleolítico e Neolítico.</p> <p>Descrición dos pobos prerromanos da Península Ibérica, con especial atención á cultura castrexa.</p> <p>Análise da conquista e romanización peninsular.</p> <p>Comentario dos trazos esenciais da monarquía visigoda.</p> <p>Análise da evolución de Al-Andalus (etapas políticas e realidade socioeconómica)</p> <p>Descrición do proceso de expansión dos reinos cristiáns peninsulares.</p> <p>Coñecemento das características do réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>Comprensión das crises baixomedievais (especialmente os Irmandiños).</p>	5	6	X		
2	<p>Os Reis católicos e a Monarquía dos Austria.</p> <p>O s.XVIII: cambio dinástico, reformismo borbónico e ilustración.</p> <p>O papel da muller na Idade Moderna.</p>	<p>Analizar os trazos máis destacados dos reinos peninsulares durante a Idade Moderna centrándose especialmente nos seguintes aspectos:</p> <p>A configuración do Estado Moderno durante o reinado dos Reis Católicos.</p> <p>A colonización de América: organización política, explotación dos recursos e leis de Indias.</p> <p>A configuración e evolución da monarquía hispánica no século XVI.</p> <p>As causas e consecuencias da crise do século XVII (aspectos socioeconómicos e políticos)</p> <p>As características da economía e a sociedade na Galicia dos Austrias.</p> <p>O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).</p> <p>Os trazos definitorios do novo modelo de Estado baixo os Borbóns.</p> <p>O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>As particularidades da Ilustración en España (características propias e reformas do Despotismo Ilustrado).</p> <p>O papel da muller na Idade Moderna</p>	10	9	X		
3	<p>A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.</p>	<p>Coñecer os factores explicativos da crise do Antigo Réxime durante o reinado de Carlos IV.</p>	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3		<p>Descibir as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia.</p> <p>Contextualizar o inicio da revolución liberal no contexto de guerra contra os franceses.</p> <p>Analizar o labor lexislativo das Cortes de Cádiz e as súas consecuencias históricas.</p> <p>Coñecer as diferentes etapas do reinado de Fernando VII e os atrancos para o establecemento do liberalismo.</p>	10	7	X		
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	<p>Analizar o lento e difícil proceso de construción do Estado liberal en España durante o reinado de Isabel II destacando: O fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.</p> <p>A configuración de diferentes tendencias dentro do liberalismo.</p> <p>A preferencia da monarquía polo liberalismo moderado fronte ao progresista.</p> <p>O papel xogado polos militares durante dito proceso.</p> <p>As características máis salientables dos textos constitucionais redactados ao longo deste período</p>	10	6	X		
5	<p>O Sexenio Democrático (1868-1874).</p> <p>A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</p> <p>A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p>	<p>Coñecer os principais cambios políticos sucedidos durante o Sexenio Democrático: As causas da revolución e os seus protagonistas.</p> <p>As medidas dos goberno provisional e a rexencia de Serrano.</p> <p>Os innumerables problemas da monarquía democrática de Amadeu de Savoia.</p> <p>A experiencia da I República e o seu resultado.</p>	5	6		X	
6	<p>Cambios económicos e sociais no Estado liberal (1833-1900).</p> <p>As transformacións agrarias e industriais.</p> <p>A sociedade de clases</p> <p>O movemento obreiro</p>	<p>Coñecer os trazos da economía e da sociedade española do s.XIX incidindo nas múltiples dificultades existentes para a súa modernización e sinalando as principais actuacións desenvolvidas:</p> <p>A reforma agraria liberal a través do proceso desamortizador.</p> <p>A industrialización: sectores punteiros, desequilibrios rexionais e papel xogado polo ferrocarril.</p> <p>A implantación da sociedade de clases e a loita das clases traballadoras e das mulleres polos seus dereitos.</p>	5	8		X	
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	<p>Descibir o proceso de retorno da monarquía borbónica e analizar a</p>	5	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	<p>configuración do sistema canovista facendo especial fincapé:                      Nas bases ideolóxicas e legais da Restauración.                      Nos mecanismos que permitiron a longa duración deste sistema político.                      Na exclusión do xogo político das forzas obreiras e nacionalistas.</p>	5	6		X	
8	A crise da Restauración Borbónica (1898-1931).	<p>Coñecer o paulatino proceso de desarticulación do sistema da Restauración nas primeiras décadas do s.XX:                      O impacto político do Desastre do 98                      A Semana Tráxica e as súas consecuencias máis significativas.                      A triple crise de 1917 e o establecemento dos gobernos de concentración.                      A solución á crise da Restauración a través do establecemento da ditadura de Primo de Rivera.</p>	10	6		X	
9	A II República española (1931-1939).	<p>Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, incidindo:                      No proceso político que leva ao establecemento da II República.                      As principais forzas políticas do período e as características da constitución de 1931.                      As grandes reformas republicanas (obxectivos, medidas, resultados e oposición)                      O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).</p>	10	9		X	X
10	A Guerra Civil (1936-1939).	<p>Comprender o estourido da Guerra Civil como resultado do fallido golpe de estado contra a II República a través da análise de:                      A configuración dos bandos (ideoloxía e apoios)                      A dimensión internacional do conflito (axuda recibida e consecuencias)                      A evolución política na España Nacional e na España Republicana.</p>	10	3			X
11	A creación do Estado franquista (1939-1959).	<p>Coñecer as características do réxime franquista na inmediata posguerra e nos anos 50 a nivel político, económico e social. Neste sentido cómpre estudar:                      As bases ideolóxicas e legais da ditadura así como as súas principais institucións de goberno.                      Os apoios recibidos e a organización das primeiras formas de oposición ao réxime.                      A economía autárquica e as súas consecuencias.</p>	5	6			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	A creación do Estado franquista (1939-1959).	As relacións internacionais da ditadura: do illamento ao recoñecemento internacional.	5	6			X
12	A consolidación da ditadura e o final do réxime (1959-1975).	Analizar os cambios experimentados pola ditadura franquista a nivel económico e social a partir do goberno dos tecnócratas: O gran desenvolvemento económico dos anos 60 e as súas consecuencias. A diversificación da oposición dentro e fóra do país. A agonía do réxime nos anos 70: principais problemas	5	6			X
13	A transformación democrática desde 1975	Coñecer o complexo proceso político que permitiu o paso desde un sistema ditatorial a unha monarquía constitucional e analizar os principais logros e retos da España democrática: O camiño cara a democracia desde a legalidade franquista. Os trazos máis relevantes da Constitución de 1978. Os obstáculos á implantación da democracia: o 23-F. A consolidación da democracia, o establecemento do estado do benestar e a integración en Europa durante o bipartidismo PSOE-PP. Os avances logrados polos gobernos do s. XXI e os principais retos a afrontar na actualidade.	10	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: Prehistoria e Idade antiga. A Idade Media: Al-Ándalus e Reinos cristiáns (política, economía e sociedade)	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica as características do réxime feudal e da sociedade estamental. Explica as causas e consecuencias das crises baixomedievais con especial atención ás revoltas irmandiñas	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Analiza o papel dos Concilios na organización da monarquía visigoda. Coñece a evolución política de Al-Andalus e as características da súa sociedade. Explica a expansión territorial dos reinos cristiáns na Idade Media.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Coñece os trazos esenciais do Paleolítico e o Neolítico na P.Ibérica Explica as características principais dos pobos prerromanos, con especial atención á cultura castrexa Analiza as fases da conquista romana peninsular e os elementos de romanización máis importantes		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica o carácter das fontes históricas Elabora mapas e liñas de tempo, analizando as fontes adecuadas	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Os Reis católicos e a Monarquía dos Austria. O s.XVIII: cambio dinástico, reformismo borbónico e ilustración. O papel da muller na Idade Moderna.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza as características da economía e sociedade galegas nos ss.XVI e XVII Coñece os principais efectos do reformismo borbónico en Galicia Refire as razóns da rebelión de Cataluña no s.XVII Describe os efectos dos Decretos de Nova Planta	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe as características da monarquía dos Reis Católicos. Compara os imperios territoriais de Carlos I e Filipe II Explica os aspectos socioeconómicos e políticos da crise do s.XVII. Analiza as causas da Guerra de Sucesión e as características do novo modelo de Estado.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Coñece as especificidades do pensamento ilustrado en España		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Refire as consecuencias demográficas e económicas da expulsión dos mouriscos e as guerras de relixión da monarquía hispánica en Europa. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias a nivel demográfico e relixioso. Leis de Indias	TI	15
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Valora o papel desenvolvido pola muller na Idade Moderna e crítica a súa supeditación legal ao home		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos".</li> <li>- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Coñece os factores explicativos da crise do Antigo Réxime durante o reinado de Carlos IV Analiza as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Explica as consecuencias políticas do goberno francés: organización de Xuntas e Estatuto de Baiona.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comenta a obra das Cortes de Cádiz e as características esenciais da Constitución de 1812. Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica e comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués a partir de diferentes fontes.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a implantación definitiva do réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II. Coñece os trazos definitorios do liberalismo doutrinario e democrático Explica cal é a tendencia liberal preferida pola monarquía e diferencia as distintas etapas do reinado isabelino.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara o Estatuto Real de 1834, as Constitucións de 1837 e 1845 e o proxecto de constitución non nata de 1856.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Coñece o protagonismo dos pronunciamentos militares na construción do Estado liberal, e en especial o pronunciamento de Solís (reivindicacións e consecuencias)	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	6

5	<p>O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p>	6
---	---	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as características dos diferentes modelos políticos instaurados en España durante o Sexenio Democrático. Coñece os principais problemas aos que tiveron que facer fronte os distintos gobernos deste período.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Coñece as alianzas e o programa político do proceso revolucionarios. Describe as características esenciais da constitución de 1869. Analiza os trazos máis relevantes do proxecto de constitución da I República		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica os obxectivos do movemento cantonalista a partir da análise de fontes diversas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	<p>Cambios económicos e sociais no Estado liberal (1833-1900). As transformacións agrarias e industriais. A sociedade de clases O movemento obreiro</p>	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Relaciona as transformacións económicas co xurdimento da sociedade de clases. Refire os principios defendidos polas ideoloxías obreiras: anarquismo e socialismo. Analiza a evolución do movemento obreiro durante o Sexenio Democrático e a Restauración.		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizába, Espartero e Madoz. Analiza os problemas e a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. Comenta as características da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	PE	90
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Entende a relación entre industrialización, comunicacións e progreso e analiza os factores que dificultaron o desenvolvemento industrial e a construción dun mercado interior en España. Describe a desigualdade social e política das mulleres no s.XIX e coñece a súa loita por conquistar dereitos.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica Cataluña e País Vasco como motores industriais de España. Coñece as particularidades da desamortización e da industrialización en Galicia.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.</li> <li>- As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.</li> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Refire os factores que levaron á eclosión dos nacionalismos periféricos, excluídos do sistema político da Restauración. Comenta o seu ideario esencial e a súa influencia política.	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Coñece as bases ideolóxicas, sociais e políticas da Restauración Describe o funcionamento do sistema de quenda pacífica e os mecanismos que o fixeron posible.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>



Contidos
- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
8	A crise da Restauración Borbónica (1898-1931).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Comenta fontes de diversa natureza referidos ás distintas problemáticas ás que tivo que facer fronte a Restauración: rexeneracionismo, oposición nacionalista e obreira e guerra de Marrocos	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica e comenta de xeito xeral as causas da quebra do sistema canovista. Explica as características da ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise da Restauración.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Valora o papel da oposición política ao réxime da Restauración e á ditadura de Primo de Rivera no avance da conquista de dereitos e liberdades.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A II República española (1931-1939).	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Comenta documentos sobre as diferentes reformas republicanas, en especial a referida á cuestión territorial, referindo no esencial os seus obxectivos, medidas, resultados e oposición ás mesmas.	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza o proceso político que levou á implantación da II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Describe as principais ideoloxías políticas que se configuraron ao longo da II República, especificando os partidos e líderes correspondentes.		
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Explica no esencial as principais reformas republicanas. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. Diferencia as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino, con Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Analiza as leis republicanas que favoreceron a igualdade entre sexos e os campos onde se mantivo unha evidente segregación.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Elabora un pequeno traballo de investigación sobre algún personaxe significativo do período republicano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	A Guerra Civil (1936-1939).	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Compara a través de diferentes documentos a xustificación da Guerra feita polos dous bandos enfrontados. Describe a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica as causas da Guerra Civil. Contextualiza a Guerra Civil no marco histórico internacional. Analiza os trazos esenciais da intervención internacional e as súas consecuencias no curso dos acontecementos nos dous bandos enfrontados.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Compara o papel outorgado á muller en cada un dos bandos.	TI	15
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Explica o papel de Federica Montseny no bando republicano e o contrapón co outorgado á muller na Sección Feminina de Pilar Primo de Rivera.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Indaga sobre a propaganda política da guerra civil española e analiza as mensaxes que se pretendía trasladar dun xeito sinxelo á poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A creación do Estado franquista (1939-1959).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Comenta a partir de fontes diversas, as principais consecuencias da implantación da ditadura: exilio, represión, organización da primeira oposición, carestía económica e illamento internacional.	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Coñece as bases ideolóxicas do franquismo. Analiza as Leis fundamentais do réxime. Describe a economía autárquica e as súas consecuencias principais.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Analiza o papel outorgado á muller polo réxime franquista	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	A consolidación da ditadura e o final do réxime (1959-1975).	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica os cambios experimentados pola ditadura a nivel político a partir de 1959. Comenta as relacións exteriores no contexto da Guerra Fría e describe as principais transformacións económicas entre 1959 e 1975.	PE	90
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista tanto no interior como no exterior de España e comenta a súa evolución desde os anos 60.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Coñece os principais partidos nacionalistas que se opoñen ao réxime franquista.	TI	10
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante o denominado "desarrollismo", nomeadamente no que se refire á muller.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os</li> </ul>

### Contidos

- movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
13	A transformación democrática desde 1975	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Valora a solución dada á cuestión nacional e ao debate territorial na Constitución de 1978 e coñece o proceso de aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza e explica os principais cambios acaecidos na sociedade, estrutura familiar, educación e cultura en España desde a implantación da democracia.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Describe as principais dificultades da transición á democracia desde o franquismo: oposición política de dereitas e esquerdas, terrorismo, crise económica...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.</p>	<p>Analiza a evolución política, económica e social de España desde o goberno de 1979 ata a crise de 2007.</p>		
<p>CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</p>	<p>Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración de España en Europa e as súas consecuencias.</p>		
<p>CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.</p>	<p>Analiza as ameazas sufridas polos sistema democrático e as medidas adoptadas polo Estado, especialmente no que se refire ao 23-F e ao terrorismo.</p>		
<p>CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.</p>	<p>Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977 e celebración de eleccións.</p>		
<p>CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.</p>	<p>Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.</p>		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Analiza a evolución do Estado de benestar, valora as metas alcanzadas e reflexiona sobre os retos futuros.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe os cambios experimentados na estrutura laboral con especial referencia ao traballo feminino. Explica a evolución cara a unha sociedade multicultural.	TI	15
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Realiza unha pequena investigación sobre a memoria colectiva da Transición		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> <li>- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.</li> <li>- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> </ul>

## Contidos

- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª de España, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lle permita construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa propia identidade, que poida interactuar en situacións variadas e para que continúe aprendendo.

As unidades correspondentes a Historia de España pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficos, estatísticas...) cunha metodoloxía baseada no sistema de "reconstrución", é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos diversos materiais de traballo proporcionados polo docente nunha tarefa cotiá dirixida e orientada por este. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar a unha aprendizaxe significativa. Neste sentido, incidirase na práctica das destrezas necesarias para resolución exitosa da proba ABAU, de xeito que se prestará especial atención a que o alumnado traballe:

- A capacidade de síntese no desenvolvemento de preguntas tema.
- O adecuada utilización de termos e conceptos históricos.
- A análise e comentario de fontes de diversa natureza.
- A elaboración de composicións históricas a partir de diferentes documentos referidas aos procesos e temas históricos obxectos de estudo.

Pola súa parte, os docentes desprepararán os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. Deberán buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Crearán contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado poderá levar a cabo pequenos traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

Os materiais adaptanse aos cambios propostos polo grupo de traballo na ABAU.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos subministrados polos docentes
Curso na aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións tradicionais ou interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps
Gamificación (Kahoot, Quizz)
Novelas históricas, novelas gráficas

Malia non contar con libro de texto, para a práctica e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe empregaranse múltiples e moi variados recursos didácticos.

En primeiro lugar, os apuntamentos subministrados polos correspondentes docentes, os cales aglutinan de xeito sintético e organizado os contidos teóricos de todas as unidades que se van traballar ao longo do curso. Ditos apuntamentos complementáanse con outros materiais como por exemplo:

- Presentacións elaboradas tanto de xeito tradicional como empregando aplicacións interactivas
- Selección de documentos de diversa natureza para cada un dos temas abordados.
- Esquemas e resumos
- Vídeos e podcast
- Ligazóns a webs de interese, repositorios de recursos e actividades...

Todo este material estará accesible no correspondente curso da materia na aula virtual do centro, a través do cal tamén se poderán facer propostas de tarefas individuais ou en equipo.

Recomendaranse manuais xerais de Historia de España así como a lectura parcial ou total de novelas históricas, novelas gráficas e cómics, recursos estes que resultan moi atractivos para o alumnado e que recrean feitos e procesos históricos abordados no curso.

Por outra banda, en momentos puntuais, poderase recurrir á gamificación por medio de cuestionarios propios ou non (accesibles a través de aplicacións como Kahoot ou Quizz) e que contribúen a dar un punto divertido e lúdico ao proceso de ensino-aprendizaxe.

É recomendable que o alumnado conte cun caderno ou portfolio de traballo da materia onde plasmará os seus propios apuntamentos, esquemas, resumos, comentarios e tarefas, se ben neste nivel educativo dito caderno non será avaliado polo profesorado.

En resumo, empregaranse diferentes materiais didácticos, tanto tradicionais como TIC, buscando a maior diversificación posible para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe e intereses do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de comentarios, sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos en esta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se

descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizárase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates e/ou visionados de material audiovisual.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	10	10	10	5	5	5	10	10	10
<b>Proba escrita</b>	90	85	90	90	90	90	90	90	85	85
<b>Táboa de indicadores</b>	10	15	10	10	10	10	10	10	15	15

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	10	100
<b>Proba escrita</b>	90	90	85	88
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	15	12

### Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación. En todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe que ronda o 90%, mentres que as táboas de indicadores se ponderan na maioría das unidades didácticas en torno ao 10%.

Realizáranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Con carácter xeral, seguirán o modelo ABAU (definicións de conceptos históricos clave, desenvolvemento dunha pregunta tema e realización dunha composición histórica a partir de tres documentos) cunha única opción, se ben o alumnado terá optatividade nas preguntas correspondentes ás definicións e ao tema. A cualificación de cada un dos tres exercicios seguirá os criterios ABAU: 2 puntos as definicións, 3 puntos a pregunta tema e 5 puntos a composición de texto histórico.

Na primeira avaliación os contidos referidos á primeira unidade didáctica, os cales non son obxecto de exame na ABAU, cualificaranse mediante unha pequena proba (tipo test ou formulación de preguntas de resposta breve) cuxo valor será do 5% (0,5 puntos máximo). A materia correspondente á unidade 2 e que na ABAU se avalía a través do desenvolvemento dunha pregunta tema e da definición de conceptos, cualificarase mediante unha proba cuxo peso será do 30%. Finalmente haberá unha última proba modelo ABAU que ponderará o 65%.

Na segunda e terceira avaliación, as probas seguirán sempre o modelo ABAU (cunha única opción na pregunta relativa ao comentario de documentos).

En canto ás T.I. (10%) comprenderán fundamentalmente tarefas relativas á práctica da análise e comentario de documentos de diversa natureza (fontes históricas e historiográficas, textos de diversa natureza, táboas de datos, gráficos, mapas, carteis...). Poderán referirse tamén á realización de sínteses, esquemas, resumos, definicións de termos... Valorarase asemade a participación na dinámica diaria da aula.

Tendo en conta o dito anteriormente, a nota de cada avaliación será o resultado do seguinte cálculo:

Nota da 1ª avaliación = [(nota do exame da unidade 1 x 5) + (nota do exame da unidade 2 x 30) + (nota do terceiro

exame -modelo ABAU- x 65)] x 0,9 + (nota media das T.I.) x 0,1

Nota da 2ª e 3ª avaliación = [(media dos exames x 90) + (media T.I. x 10)] /100

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

En canto á nota final do curso, será o resultado da media aritmética da nota obtida en cada avaliación. Nota final de curso = [(nota da 1ª avaliación) + (nota da 2ª avaliación) + (nota da 3ª avaliación)]/ 3. Considerarase superada a materia se a nota é igual ou superior a 5 puntos. En caso contrario, o alumnado terá que presentarse a unha proba extraordinaria que seguirá o modelo ABAU cunha única opción na pregunta de comentario de documentos históricos. Cómpre sinalar que o profesorado terá certa flexibilidade á hora de establecer a nota final de curso do alumno/a tendo en conta o curso en que este se atopa (final do bacharelato) e a evolución experimentada polo mesmo ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

No boletín de notas, que só admite números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribirase esta sen alteracións nas actas.
  - Se o alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5; redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).
- Se un alumno/a é descuberto copiando nun exame, falando cos compañeiros/as ou utilizando sistemas electrónicos, cualificaráselle dita proba cun 0.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que ao longo do curso non acade os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación. Estas probas levaranse a cabo segundo o criterio dos docentes que imparten a materia, que deberán coordinarse. A nota obtida na recuperación será a que compute para calcular a nota final da avaliación ordinaria. Dita nota corresponderase co 90% do valor da cualificación final da avaliación ou avaliacións examinadas, á que se lle sumará o 10% das notas referidas ás T.I. correspondentes.

En todo caso haberá unha proba de recuperación parcial (de unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas) ou total (a materia impartida ao longo de todo o curso) ao final da terceira avaliación.

Ademais, o alumnado que ao final de curso queira subir nota, poderá realizar voluntariamente unha proba escrita modelo ABAU con dúas opcións no comentario de documentos: unha referida ao s.XIX e outra ao s.XX. O resultado obtido nesta proba poderá subir a nota final de curso como máximo 1 punto.

O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes docentes. Con carácter xeral seguirá o modelo ABAU cunha única opción no que se refire á pregunta do comentario de documentos.

Despois da realización das probas da avaliación ordinaria (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia. Asemade, o alumnado que superou a materia, poderá asistir á clase co fin de preparar o exame da ABAU.

O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación a través da web do centro e na aula virtual de cada grupo. Tamén se explicarán de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprenda. En canto ás familias, poderan acudir a páxina web do centro onde se publicará esta programación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Implementaranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, o cal adoita ser cada vez máis numeroso nas aulas. Adaptaranse os tempos de realización de probas escritas e estableceranse os apoios que aseguren a súa correcta avaliación. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados preto da mesa do docente e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas

as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurarase proporcionar aos alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual								X
ET.3 - Competencia dixital								X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade						X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.8 - Creatividade	X				X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, definicións, textos e comentarios históricos de xeito coherente e empregando vocabulario axeitado.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento considérase importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será o fomento do espírito crítico do alumnado non só fronte aos documentos e fontes históricas que debe analizar e comentar senón tamén fronte á realidade social e política na que vive.

Asemade, ao longo de todas as unidades traballarase a convivencia a través da educación emocional e en valores. Farase especial fincapé na actitude do alumnado na aula no que atinxe ao respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural e a igualdade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese	Relacionadas co currículo da materia.	X	X	X
Asistencia a charlas ou conferencias	Charlas e conferencias cuxo contido estea relacionado directamente co currículo da materia	X	X	X

### Observacións:

Somos conscientes de que as actividades complementarias e extraescolares son fundamentais no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, axudan a potenciar a súa motivación, permítenlle afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. Porén, non se contempla a realización de actividades complementarias neste curso escolar tendo en conta o contexto ABAU, proba á que ten pensado presentarse a práctica totalidade dos alumnos e alumnas aos que se lles imparte clase neste nivel educativo; a amplitude do currículo a desenvolver (desde a Prehistoria ata a Covid-19); o escaso número de sesións con que conta a materia ao longo do curso (un total de 87, que adoitan ser menos por mor da celebración de exames fixados pola xefatura de estudos do centro, a participación de todo ou parte do alumnado en actividades de diversa natureza como son a visita ás facultades, viaxes de estudos... así como outras circunstancias tales como folgas e imprevistos dos docentes) e a ratio dos grupos, que en todos os casos superan os 30 alumnos/as.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Temporalización das unidades e dos contidos
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Exposición da información
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Estratexias de motivación do alumnado
A práctica docente é innovadora
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de recursos
Clima de traballo na aula
Interacción co alumnado

### Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto dos obxectivos marcados.

Este feito permítelle aos docentes tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptaron ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado. Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poida alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída dos docentes co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios de avaliación establecidos, contidos a impartir, metodoloxía, etc. coa finalidade de ir axustando ou mesmo modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que esta programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens cada trimestre recollendo datos sobre a temporalización, os axustes dos criterios e instrumentos de avaliación, a metodoloxía, os contidos impartidos, etc. indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación. Esta información tamén se recollerá nas actas do departamento.

En relación á avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos nesta programación. Estes permiten valorar:

- A consecución de obxectivos: se se está cumprindo coa planificación (actividades, tempos, responsabilidades...)
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Se se están conseguindo outros aspectos distintos aos planificados intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.

Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos cun 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
  2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
  3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
  4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
  5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
  6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
  7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
- Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados